

Convenio de colaboración en investigación, desenvolvemento tecnolóxico, innovación e formación entre a Universidade Autónoma do Estado de México a través do Instituto de Ciencias Agropecuarias e rurais e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria de la Xunta de Galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Agacal, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Universidade Autónoma do Estado de México a través do Instituto de Ciencias Agropecuarias e rurais o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, contados a partir da data da súa última sinatura. En calquera momento antes da súa finalización as partes, tendo en conta a evolución da súa execución, poderán acordar bilateralmente a súa prórroga por un período adicional de outros catro anos ou ben decidir a súa extinción, mediante a suscripción do instrumento correspondente.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Impulsar a cooperación en investigación en temas afíns ao AGACAL e ao ICAR, a formación de estudantes, persoal académico, técnico e de investigación de ambas institucións; así como calquera outra actividade cuxo fin sexa dar promoción, difusión, educación e capacitación en temas relacionados coa produción agroalimentaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Instituto de Ciencias Agropecuarias e Rurais é un Organismo Académico da Universidade Autónoma do Estado de México, que ten como fins realizar investigación para contribuír a mellorar as condicións de vida da poboación rural; formar capital humano de calidade a nivel de maestría e doutorado; e estender os beneficios da cultura.

Entre as funcións atribuídas a AGACAL encóntranse as de formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais, así como as de participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto





Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

